

ACTA Nº 5/2007 DA MESA SECTORIAL DE NEGOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS

En Santiago de Compostela, sendo as 12:00 horas do día 7 de setembro de 2007, reúnese, en sesión ordinaria, no salón de actos nº 1 (grande) da Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza, a Mesa Sectorial de Negociación de Funcionarios coa asistencia das persoas a seguir se relacionan, segundo a orde do día que tamén se cita.

ASISTENTES:

Presidente: Victor Gallego Vincent, Subdirector xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais da Dirección Xeral da Función Pública.

Pola Administración:

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Manuela Guillán de Dios

Secretaría Xeral da Presidencia: Eva Sanín Mariño e Cristina Rubal González

C. de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Santiago Roura Gómez e Beatriz Rodríguez Fraga

C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: María Chas de la Calle.

C. de Innovación e Industria: José Carlos Fagín Taboada

C. Cultura e Deporte : Miguel Angel Ares Casal

C. de Pesca e Asuntos Marítimos: Maria del Mar Pousa Cobas

C. de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: Lourdes Batán Arias

C. de Traballo: Don Víctor Tubío Villar.

Representantes das Organizacións Sindicais presentes na Mesa Sectorial de Negociación:

CIG: Alexandre Prieto Giraldez e María A. García Cao

CC.OO: Pedro Méndez Gil

UXT: Antonio Pais Andrade e Miguel Angel Dono Gómez

CSI-CSIF: Alvaro Fernández Baamonde e José Carlos García Bouzas.

Secretaria: Raquel Souto García, xefa do servizo de xestión da Dirección xeral da Función Pública.

Punto primeiro: Lectura e aprobación se procede, da acta núm. 4/2007 correspondentes á sesión anterior.

Punto segundo: Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C).

Punto terceiro: Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo superior da Xunta de Galicia (grupo A).

Punto cuarto: Rogos e preguntas.

Previamente, ao inicio da sesión, entregouse aos asistentes unhas modificacións das ordes de convocatoria .

Punto primeiro: Lectura e aprobación se procede, da acta núm. 4/2007 correspondentes á sesión anterior.

Foi lida a acta nº 4/2007, sendo aprobada co voto a favor das organizacións sindicasi CCOO e CSI-CSIF, e coa abstención da CIG e UXT, por canto non asistiran á correspondente sesión.

Punto segundo: Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C).

O presidente da mesa sectorial manifesta que esta convocatoria foi vista nas reunións previas coas organizacións sindicais que se celebraron na Dirección Xeral da Función Pública, recollendose nos documentos que se entregaron algunha das modificacións propostas polas organizacións sindicais, pasando a palabra a Subdirectora xeral de provisión de postos e selección de persoal da D.X. da Función Pública, Eduarda Varela Castro, que explica as modificacións introducidas con respecto ás ordes de convocatoria que se enviaron coa convocatoria da mesa sectorial:

- No punto I.2.2., requisitos dos candidatos, o persoal laboral fixo que pode participar é o do grupo III, aclarando isto tamén no punto I.2.3.
- No punto I.2.4, como titulación incorporase o ter aprobadas as probas de acceso á universidade para maiores de vintecinco anos.
- Na fase de oposición, modifícase a puntuación do primeiro exercicio, establecendose a puntuación máxima en 60 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 30 puntos.
- Tamén se introduce que con posterioridade á realización do exercicio, publicarase na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es) o cuestionario correspondente.
- Como consecuencia da entrada en vigor da Orde do 16 de xullo de 2007, con referencia á exención da realización do segundo exercicio, recollese a referencia os cursos CELGA.
- En canto á fase de concurso, debido ao cambio da puntuación da fase de oposición, modifícase a puntuación máxima da fase de concurso non podendo superar os 24 puntos, que sería o 40% da fase de oposición.
- Con respecto á antigüidade, consideranse servizos prestados o tempo de goze da excedencia para o coidado de familiares.
- No apartado de traballo desenvolvido, diferénciase entre o persoal funcionario e o laboral, valorandolle aos funcionarios/as o grao persoal que teñan consolidado e ao persoal laboral o nivel de complemento de destino correspondente ao posto de traballo que ocupen.
- No que se refire aos dereitos de conciliación suprímese a valoración da excedencia para o coidado de familiares ao valorarse no apartado de antigüidade, e mantense a valoración da licenza por maternidade, o permiso de paternidade e a redución de xornada, reducíndose a puntuación.
- En canto á superación de probas selectivas, substitúese a referencia ao grupo IV por grupo III.
- Na base II.3 inclúese que terán a mesma consideración de renuncia os supostos aos que se refire a base IV.3, cando os aspirantes non presenten a documentación ou do seu exame se deducira que non reúnen os requisitos para ser nomeados como funcionarios/as.

- Respecto ao temario que figura como anexo I da orde de convocatoria, no Tema 11 suprímese o apartado “A contratación administrativa”, comezando o tema por “Principios básicos da Lei de contratos das Administracións Públicas”. Inclúese un novo Tema 17, sobre a normativa en materia de igualdade. No antigo Tema 20, actual Tema 21, elimínase o apartado “Os tratados orixinarios e de modificación”, considerándose incluídos no apartado de “Nacemento e fases da súa evolución”.

*Intervén a representación da organización sindical CIG, facendo as seguintes observacións:

- Que a Escola Galega de Administración Pública edite os temarios que sirvan de guía para a preparación das oposicións.
- Que se recolla que os que superen a fase de oposición en promocións anteriores se lle conserve o aprobado para eximilo en vindeiras convocatorias.
- Que se estableza expresamente que poderán participar os funcionarios que carecendo de titulación, acrediten unha antigüidade mínima de 10 anos no grupo D.
- Que os exames sexan en galego.
- Respecto á fase de concurso, que se puntúe máis o apartado de antigüidade para que supoña o 50% da puntuación total da fase de concurso, estando de acordo con que se valore de distinta maneira os servizos prestados noutras Administracións públicas.
- Respecto ao traballo desenvolvido, están de acordo con que se valore o grao persoal ao persoal funcionario, solicitando que se valore menos este apartado para que represente un 25% da puntuación total.
- Que se incore a valoración da formación.
- Están de acordo con que se reduza a puntuación no apartado dos dereitos de conciliación.
- Que se valore o feito de superar as probas selectivas en procesos de promoción interna anteriores.
- Que se indique que o destino dos funcionarios que superen o proceso selectivo será definitivo, e que todo o persoal poida escoller destino, non obrigando a quedarse no seu posto, e en todo caso, que se respete a localidade onde teñan o seu destino, reclasificando os postos de ser necesario.
- Que os tribunais sexan designados por sorteo.
- Que se indique na convocatoria o prazo máximo para nomear os membros do Tribunal dende a publicación da convocatoria.
- Respecto ao temario, que o tema do IV convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia se concrete máis, e que se limite a dereitos e deberes do persoal laboral. No tema de Seguridade Social se elimine o apartado de “Prestacións”, no que na Xunta de Galicia non ten competencia.

*Intervén a representación da organización sindical CCOO, facendo as seguintes observacións:

- En canto a fase de concurso, considerase que debe valorarse máis a antigüidade, con independencia da Administración de orixe.
- Que se publique na páxina web da Xunta de Galicia, as listas provisionais e definitivas de admitidos e excluídos ao proceso selectivo.
- En canto aos dereitos de conciliación, están de acordo coa redución da puntuación, que debería servir para incrementar a antigüidade, e que se inclúa a valoración de ter superada a fase de oposición da última convocatoria.
- Sinala que o apartado segundo da base II.3 é igual que o apartado segundo da base III.16, e o apartado primeiro da base II.3 é similar ao apartado primeiro da base IV.1, polo que debería modificarse a redacción destas bases.
- Que se estableza expresamente que poderán participar os funcionarios que carecendo de titulación, acrediten unha antigüidade mínima de 10 anos no grupo D
- Debería concretarse máis o temario.

*Intervén a representación da organización sindical UXT, facendo as seguintes observacións:

- Solicitan outra xuntanza antes da celebración da Comisión de Persoal, para ver os temarios e acotar algún dos temas.
- Que se reduzan as preguntas relativas ao suposto práctico en 20, e que se faga unha elección de un suposto entre tres, por bloques de materias (xestión económica, persoal e procedemento administrativo).
- Que se estableza expresamente que poderán participar os funcionarios que carecendo de titulación, acrediten unha antigüidade mínima de 10 anos no grupo D.
- Que se contemple a valoración da formación.
- Que a EGAP interveña na preparación do persoal.
- Sinalan que farán máis alegacións por escrito, debido as modificacións que lle foron entregadas con moi pouco tempo para analizalas.

*Intervén a representación da organización sindical CSI-CSIF, facendo as seguintes observacións:

- Indican que cando se aprobou a Oferta de emprego público, non se tivo en conta o colectivo de persoal laboral que agora pode participar no proceso selectivo, que inflúe no número de prazas ofertadas.
- A documentación entregada coas modificacións non dou tempo a vela, polo que necesitan tempo para estudiala.
- Que se recolla expresamente na convocatoria a exención da titulación para os que acrediten unha antigüidade mínima de 10 anos no grupo D.
- Que se inclúa a valoración da formación.
- Que se dea máis puntuación no apartado de antigüidade.
- Que se acote máis o temario, por canto da lugar a ambigüedades.

Punto terceiro: Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo superior da Xunta de Galicia (grupo A).

O Presidente da Mesa Sectorial pasa a palabra a Subdirectora xeral de provisión de postos e selección de persoal da D.X. da Función Pública, Eduarda Varela Castro, que sinala que se introducen os mesmos cambios que na convocatoria do grupo C, no que se refire ás bases xerais.

En canto á fase de oposición, o primeiro exercicio cambia con respecto á proposta inicial, consistindo nun suposto práctico de desenvolvemento, que versará sobre materias de procedemento administrativo, contratación administrativa, xestión de persoal e xestión económica, con textos legais e lectura pública. Con respecto ao temario, inclúese un novo tema 47, sobre a normativa en materia de igualdade, e no tema 49 elimínase a referencia aos tratados, como no grupo C.

*Intervén a representación da organización sindical CIG, facendo as seguintes observacións:

- Reiteran o alegado con respecto á convocatoria do grupo C, engadindo tanto para unha como para a outra convocatoria, que se estableza expresamente na convocatoria a nota de corte. Ademais, solicitan que poidan ir a estas convocatorias os funcionarios/as que superaron os procesos selectivos de promoción interna e que tomaron posesión no 2005, tendo en conta que nestas convocatorias pode participar o persoal laboral.
- Entenden que o cambio no exercicio é positivo, pois os dous temas que figuraban antes considerase excesivo, pero necesitan valoralo. Respecto ao temario é demasiado amplo e ambigüo,

*Intervén a representación da organización sindical CCOO, facendo as seguintes observacións:

- Reiteran as alegacións que fixeron no punto anterior con respecto á convocatoria do grupo C.
- Están de acordo coa filosofía da proposta respecto ao primeiro exercicio, pero entenden que hai un compoñente de subxectividade moi grande, coa que están en contra.

- En principio, prefiren que se manteñan os exercicios tal e como se preveía na anterior convocatoria de promoción interna independente, e que se reduzan os temarios, que aumentaron con respecto á convocatoria anterior.
- Que se inclúe expresamente a nota de corte.

*Intervén a representación da organización sindical UXT, facendo as seguintes observacións:

- Deben manterse dous exercicios como antes.
- Non están de acordo coa lectura pública do suposto práctico, debería manterse o anonimato do aspirante e que sexa o Tribunal o que faga a lectura.
- Consideran que os temas son excesivos, e que deberían reducirse e reconducir o temario.
- Que a nota de corte se recolla expresamente nas convocatorias.
- Reiteran as alegacións que fixeron no punto anterior con respecto á convocatoria do grupo C.

*Intervén a representación da organización sindical CSI-CSIF, facendo as seguintes observacións:

- Reiteran as alegacións que fixeron no punto anterior con respecto á convocatoria do grupo C.
- Consideran que debe darse máis puntuación á antigüidade.
- Entenden que o caso práctico é novedoso e interesante, pero conleva o risco de que a lectura pública poida converterse nunha nova avaliación, polo que debe preservarse o anonimato e que sexa o Tribunal o que proceda á lectura.
- Consideran que algún dos temas que figuran no programa non encaixan en ningunha das áreas sobre as que versaría o suposto práctico, sendo conveniente que en vez de textos legais se facilitará un acceso á Internet.
- Que o exame se faga no idioma que elixa o opositor.

*Toma a palabra a Subdirectora xeral de provisión de postos e selección de persoal da D.X. da Función Pública, Eduarda Varela Castro, que sinala que se estudarán as propostas efectuadas de cara á Comisión de Persoal, indicando que no grupo C, no apartado de titulación cando se di “equivalente”, entendese que xa está incluído que poidan participar os funcionarios que acrediten unha antigüidade mínima de 10 anos no grupo D, pero que se indicará expresamente na convocatoria.

Respecto aos exercicios en galego, aínda non entrou en vigor a reforma da Lei da Función Pública, e se incluírá expresamente nas convocatorias que as listas de admitidos e excluídos ao proceso selectivo se publicarán na páxina web da Xunta de Galicia.

* Intervén o representante da Consellería de Cultura e Deporte, preguntando a razón de incluír a valoración dos dereitos de conciliación.

- A Subdirectora xeral de provisión de postos e selección de persoal da D.X. da Función Pública, Eduarda Varela Castro, indica que é unha previsión legal da normativa en materia de igualdade.

* Intervén a representante da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, indicando que se debería concretar máis o suposto práctico do grupo A, para favorecer o método de estudo, planteándose un debate sobre a adecuación deste exercicio e a forma de articularlo.

- Toma a palabra a Subdirectora xeral de provisión de postos e selección de persoal da D.X. da Función Pública, Eduarda Varela Castro, indicando que se estudarán as propostas e a posibilidade de reducir o temario do grupo A, indicando ademais que neste grupo hai infrarrepresentación, e que o desempate será a favor da muller.

Punto cuarto: Rogos e preguntas.

*A representación da organización sindical CIG, pregunta sobre o proceso selectivo de veterinarios.

- O presidente da Mesa Sectorial, indica que aínda está pendente algunha sentenza, polo que habería que esperar para executalas todas conjuntamente.

- Tamén pregunta sobre o calendario do resto das convocatorias e o Fondo de Acción Social.

A subdirectora xeral de provisión de postos e selección de persoal, Eduarda Varela, manifesta que as convocatorias de promoción interna dos grupos B e D, se enviarán as organización sindicais na vindeira semana, e as de acceso libre máis adiante.

O presidente da Mesa Sectorial, respecto ao FAS, indica que espera que na vindeira semana ou a principios da seguinte se publique a resolución no DOG, e unha semana despois se proceda ao pago. Posteriormente se convocaría ás organizacións sindicais para iniciar a negociación do FAS deste ano.

*A representación da organización sindical UXT, pregunta sobre as probas de conductores e de técnicos de xardín de infancia.

- A subdirectora xeral de provisión de postos e selección de persoal, Eduarda Varela, sinala que respecto aos conductores, estase á espera dun informe de cal é o carnet de conducir que se debe requirir. Respecto aos técnicos de xardín de infancia, modificouse en execución dunha sentenza a convocatoria abrindo un novo prazo de solicitudes, polo que se están tramitando.

*A representación sindical CSI-CSIF, manifesta que non está de acordo con que o persoal laboral participe nestas convocatorias de promoción interna, por canto non se tiveron en conta estas prazas cando se elaborou a oferta de emprego público.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as trece horas e dez minutos do día da data.

Vº e praxe,

Dou fe

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Victor Gallego Vincent

Raquel Souto García